



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA
TRINTA DE MARZO DE 2021 CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ

SECRETARIO: D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e cincuenta minutos do día trinta de marzo de dous mil vinte e un, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (11/03/2021)

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día once de marzo do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- - Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Instancia de D. Carlos Veiga García. (Expdte. Número 2021/U018/00000).

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, solicita licenza de parcelamento en Silva de Abaixo - Sarandón (San Miguel), ref. catastral 15090A50601233 en dúas parcelas resultantes e outra de cesión de viais, emprazada en Silva de Abaixo – Sarandón (San Miguel), e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Arturo Calvo Tarrío en calidade de Enxeñeiro Técnico Forestal e de data novembro de 2020.

A parcela atópase en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como Solo de expansión dos núcleos rurais (N-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe dos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza para parcelamento da finca descrita no proxecto mencionado, emprazada no lugar de Silva de Abaixo - Sarandón (San Miguel) nos termos do proxecto achegado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesouraría municipal, e que ascenderon á cantidade de cento vinte euros (#120,00#).

Así mesmo, e á vista do disposto nos artigos 24 e 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de vías nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número 03, de un total de 29 m². e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens, debendo achegar escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.

2.2.- Instancia de don Senén Chas Neira. (Expdte. Número 2021/U018/000003)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Sarandón (San Miguel) - Vedra solicita licenza para parcelamento de finca, resultante dun parcelamento anterior para o



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



que se declarou a non necesidade de licenza (Expediente 2021/U018/000002), en dúas parcelas resultantes nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Javier Bellet García en Calidade de Enxeñeiro Técnico Agrícola, de data 11/02/2021.

A parcela atópase en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como De expansión dos núcleos rurais (N-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe dos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza para parcelamento da finca descrita no proxecto mencionado, emprazada no lugar de Silva de Arriba, 5 – San Miguel de Sarandón, nos termos do proxecto achegado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesouraría municipal, e que ascenderon á cantidade de cento vinte euros (#120,00#).

Así mesmo, e á vista do disposto nos artigos 24 e 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de vías nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto de cesión de vías, de 196 m² no fronte oeste e de 113 m² polo linde leste, e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens, debendo achegar escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.

2.3.- Instancia núm. 202199900000108 de Unión Fenosa Distribución, S.A –Gas Naturgy UFD (Expediente núm. 2021/U022/000010)

Dáse conta da citada instancia na que dona Ana María Salgado López, en representación de UFD Distribución Electricidad, S.A, solicita licenza para obras de rede de baixa tensión subterránea con paso aéreo subterráneo cunha canalización de 67 m. SGD 618520120052 en Reboredo – Ponte Ulla (expediente núm.: 2021/U022/000010), en solo cualificado polo vixente PXOM como Solo de expansión dos núcleos rurais (N-2), e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Rubén Fervenza Nicolás, en calidade de Enxeñeiro Industrial, cun orzamento provisional de 7.587,46 euros.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada polo técnico mencionado e de data 17/02/2021.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble; poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatíbeis coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública con rexistro de entrada neste concello número 202199900000122 de data 03/03/2021.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas; sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de cento cincuenta e un euros con setenta e cinco céntimos (#151,75#)

2.4.- Instancia núm. 202199900000126 de don Jaime Sampayo Novoa. (Expediente núm. 2021/U022/000012)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, solicita licenza para obras de alpendre agrícola de 65,80 m² en Sarandón – San Pedro de Sarandón (expediente núm.: 2021/U022/000012), en solo cualificado como “De expansión dos núcleos rurais (N-2)”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Eugenio Torreira Pais, en calidade de arquitecto, coas seguintes características: ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta; núm.: plantas: baixa; altura máxima de cornixa menor a 7,00 m. e un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta e que cumpre, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 15090A506020270000AD.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.-. Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada polo técnico sinalado e de data 05/03/2021 número de visado 2101138.2.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento noventa e seis euros (#196,00#).

2.5.- Comunicación previa de obra de don José Guerrero Román. (Expediente núm. 2021/U026/000009)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don José Guerrero Román para rehabilitación de vivenda consistente en colocar pedra aplacada na parte superior das fachadas e repoiñer tellas deterioradas para o que se achega presuposto detallado.

Dáse conta da declaración responsable presentada na Axencia Galega de Infraestruturas.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 002102700NH43F, emprazada en Canicoba, 19 –San Mamede de Ribadulla, cun prazo de execución de 12 meses.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento noventa e dous euros con oitenta céntimos (#192,80#).

2.6.- Comunicación previa de obra de dona Sonia Villaverde Cutrín. (Expediente núm. 2021/U026/000013)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por dona Sonia Villaverde Cutrín para instalación de piscina de poliéster, de dimensións 8,50x4,00 m, en parcela cualificada polo vixente PXOM como de Expansión dos núcleos rurais (N-2), nos termos da documentación técnica achegada asinada por dona Alicia e don Félix Crevillén González en calidade de arquitectos técnicos e de data 14/03/2021.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090A003010260000SM, emprazada en Cibrán, 37 - Sales (San Xián), cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende a douscentos corenta e un euros con dous céntimos. (#241,02#).

2.7.- Comunicación previa de obra de dona Rosa María Barrio Fernández. (Expediente núm. 2021/U026/000014)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por dona Rosa María Barrio Fernández para acondicionamento de baño consistente en cambiar azulexos e sanitarios.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da edificación na parcela con referencia catastral 001900300NH43F0001HI, emprazada en Reboredo - Ponte Ulla (Vedra), cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de sesenta e nove euros con vinte céntimos (#69,20#).

2.8.- Comunicación previa de obra de dona María José Rey Mariño. (Expediente núm. 2021/U026/000015)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por dona María José Rey Mariño para instalación solar fotovoltaica de 6 kW de potencia, 17 paneis en cuberta de vivenda, cunha altura que non superará os 1,80 m. e recuándoo 6 metros do eixe da vía nos termos da documentación técnica achegada asinada por dona Gema Navas María en calidade de Enxeñeira Técnica Industrial e de data 15/02/2021.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001602900NH44A0001BE, emprazada en Quintáns, 23 - Sales (San Xián), cun prazo de execución de 12 meses.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de noventa euros con oitenta e cinco céntimos (#90,85#).

2.9.- Autorización de ocupación do dominio público. (Expediente núm. 2021/U026/000016)

Dáse conta do expediente municipal número 2021/U026/000016 tramitado a instancias de Angustias Pilar Combarro Pereira para corte de vía municipal para proceder a cambiar o contador eléctrico para o muro do peche perimetral da finca, con referencia catastral 001203000NH43F, mediante rede subterránea, en Socastro, 23 - Ribadulla (San Mamede).

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda concederlle a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de un ano para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme ao sinalado na súa solicitude e á documentación gráfica achegada, debendo proceder á reposición do pavimento da vía nas mesmas condicións nas que estaba, achegando ao finalizar as actuacións fotografías do estado final.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo, teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble; poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación e acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas; sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#)

2.10.- Comunicación previa de obra de don José Uzal Rendo. (Expediente núm. 2021/U026/000017)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don José Uzal Rendo para construción de peche de parcela con base de bloque, enfusado e pintado, postes e arame, recuándoo 5 metros do eixe da vía municipal. Non se superarán as alturas de 1,50 m. na base maciza nin 1,80 m. a altura total.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090A508005410000AP, emprazada en Reboredo – Ponte Ulla, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta e sete euros con vinte céntimos (#57,20#).

2.11.- Comunicación previa de obra de don Lino Casal Neira. (Expediente núm. 2021/U026/000018)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don Lino Casal Neira para canalización de aproximadamente 11 m. pola gábea e cruzando unha vía municipal para paso de liña eléctrica para subministración á vivenda.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo para subministración á vivenda sobre da referencia catastral 000400500NH43E0001BX, emprazada en Pousada de Arriba-Vedra, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo, teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble; poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación e acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas; sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

Terceiro.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta e tres euros con vinte e catro céntimos (#53,24#).

2.12.- Comunicación previa de obra de Pirotecnia Penide, S.L (Expediente núm. 2021/U026/000060)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por Pirotecnia Penide, S.L. para peche de parcelas nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Jorge Vales Fernández en calidade de arquitecto e de data novembro de 2020.



Dáse conta da autorización emitida pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea en materia de servidumes aeronáuticas. Expediente O21-0172.

Dáse conta da resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, Expediente núm.: 2021/0166 VP, de acordo co cumprimento das condicións sinaladas nos puntos 2.2. e 3 da mencionada resolución.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre das parcelas con referencia catastral 8766201NH4386N0001UT - 8766204NH4386N0001AT - 8766206NH4386N0001YT, emprazadas en VISTA ALEGRE (PONTE ULLA), cualificadas polo vixente PXOM como Solo urbanizable non delimitado, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada, aos datos comunicados e ao contido das autorizacións emitidas.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento cincuenta e catro euros con un céntimo. (#154,01#).

2.13.- Comunicación previa de obra de Pirotecnia Penide, S.L. (Expediente núm. 2021/U026/000061)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por Pirotecnia Penide, S.L., para cobertura de panel sándwich en almacén de pirotecnia nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Jorge Vales Fernández en calidade de arquitecto e de data novembro de 2020.

Dáse conta da autorización outorgada pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea en materia de servidumes aeronáuticas. Expediente O21-0110.

Dáse conta do informe emitido polo Servizo do Patrimonio Natural da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Expdte: 0508/2020.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090A508053820000AS, emprazada en Santardao (Ponte Ulla), cualificada polo vixente PXOM como Solo rústico de interese paisaxístico (R-7), cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados, así como aos contidos dos informes sectoriais emitidos.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de oitenta euros con vinte céntimos (#80,20#).

3º.- Cambios de titularidade de licenzas de actividades.

3.1.- Cambio de titularidade de café –bar en San Andrés de Illobre. (Expediente núm. 2021/U020/000003)

Dáse conta da declaración responsable achegada por don Juan Sanjurjo Pereira, de cambio de titularidade de licenza de café –bar (4ª Categoría) en Viño grande, 17 – Illobre (San Andrés), denominada comercialmente “O churrasco de Juanito”. Expdte.: número 2021/U020/000003.

A Xunta de Goberno Local, á vista do disposto, entre outras, na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, toma coñecemento da



documentación achegada e da declaración realizada por don Juan Sanjurjo Pereira do cambio de titularidade da licenza de mencionada.

Dáse conta tamén da liquidación da taxas correspondentes que deberán ser ingresadas na tesouraría municipal.

3.2.- Cambio de titularidade de restaurante de 1 garfo en Ponte Ulla. (Expediente núm. 2021/U020/000004)

Dáse conta da declaración responsable achegada por dona Ana Belén Fernández Paz de cambio da titularidade de licenza de Restaurante de 1 garfo en Ponte Ulla, 3 - Ponte Ulla, denominada comercialmente “A Taberna de Gundián” (Expdte.: número 2021/U020/000004).

A Xunta de Goberno Local, á vista do disposto, entre outras, na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, toma coñecemento da documentación achegada e da declaración realizada por Ana Belén Fernández Paz do cambio de titularidade da licenza de mencionada.

Dáse conta tamén da liquidación da taxas correspondentes que deberán ser ingresadas na tesouraría municipal.

3.3.- Cambio de titularidade de pensión de 1 estrela en Ponte Ulla. (Expediente núm. 2021/U020/000006)

Dáse conta da declaración responsable achegada por dona Ana Belén Fernández Paz de cambio de titularidade da licenza de Pensión de 1 estrela en Ponte Ulla, 3 – Ponte Ulla, denominada comercialmente “A Taberna de Gundián” (Expdte: número 2021/U020/000006).

A Xunta de Goberno Local, á vista do disposto, entre outras, na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, toma coñecemento da documentación achegada e da declaración realizada por Ana Belén Fernández Paz do cambio de titularidade da licenza de mencionada.

Dáse conta tamén da liquidación da taxas correspondentes que deberán ser ingresadas na tesouraría municipal.

4º.- Aprobación provisional, se procede, do Plan de Sectorización do SUND-4. Parque Empresarial de Vedra.

Visto o proxecto do Plan de Sectorización que afecta aos terreos incluídos no ámbito do SUND-4. PARQUE EMPRESARIAL DE VEDRA, clasificados como solo urbanizable non delimitado previsto no vixente PXOM, presentado por UTE URBEPLAN-ARC en función do convenio asinado entre propietarios e concello.

Presentado o documento de inicio, este foi remitido ao órgano ambiental competente para que se pronunciase sobre a necesidade de Avaliación Ambiental Estratéxica (AAE); con data de marzo de 2009 foi remitido o documento de referencia para o procedemento de AAE e polo equipo redactor procedeuse a realizar o preceptivo informe de sustentabilidade ambiental incorporándoo ao proxecto presentado para aprobación inicial.

Logo de que fose aprobado inicialmente polo Pleno do concello, con data do 30 de decembro de 2010, o Plan de Sectorización mencionado.

Logo de que fose sometido a información pública por un prazo de 2 meses mediante anuncio no Diario Oficial de Galicia número 29, de data 11 de febreiro de 2011, no xornal El Correo Gallego de data 19 de xaneiro de 2011 e no xornal La Voz de Galicia de data 20 de xaneiro de 2011.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Logo de que con data do 17 de xaneiro de 2011 se notificase o trámite de información pública aos propietarios dos terreos afectados a efectos de que emitiran as alegacións pertinentes e aos concello limítrofes.

Logo de que con data do 14 de xaneiro de 2011 se requiriron os informes, e as consultas do documento de referencia emitido, de DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA, DEMARCACIÓN DE ESTRADAS DO ESTADO, SERVIZO DE PATRIMONIO CULTURAL, AUGAS DE GALICIA, DIRECCIÓN XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA, DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL, DELEGACIÓN DO GOBERNO EN GALICIA, coas conclusións que figuran no expediente.

Logo de que durante o período de información pública, se presentasen as alegacións que figuran na certificación de secretaría, de data 4 de xullo de 2011, que figura no expediente e que foron contestadas polo equipo redactor en informe de data xullo de 2011, que tamén consta no expediente.

Logo de que con data do 5 de outubro de 2015 polo equipo redactor se elaborase a proposta final do Plan de Sectorización do SUND-4. PARQUE EMPRESARIAL DE VEDRA, que foi remitida, xunto coa documentación necesaria, ao órgano ambiental competente con data do 15 de outubro de 2015.

Logo de que con data do 23 de decembro de 2015 se recibise a Resolución da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental pola que se formula a memoria ambiental correspondente.

Logo de emitido polos Servizos Técnicos Municipais informe con data do 16 de marzo de 2016 en sentido favorable.

Logo de que a Xunta de Goberno Local en sesión de data 13/03/2016 acordase a aprobación provisional do mencionado plan sectorización; logo de que no DOG número 103, do 03/06/2019, se publicase a Orde do 15 de maio de 2019 de aprobación definitiva da modificación puntual do PXOM deste concello no ámbito do SUND-4. PARQUE EMPRESARIAL DE VEDRA; logo de que con data do 30/12/2019 o equipo redactor achegase nova proposta e documento refundido do plan de sectorización en trámite que foi sometida a información ao público á vista do disposto na Disposición; logo de emitida certificación da exposición ao público da nova proposta sen que se achegasen alegacións e logo de emitidos os informes técnico e xurídico que se incorporan ao expediente.

Logo de que a Xunta de Goberno Local en sesión de data 22/09/2020 acordase nova aprobación provisional do plan de sectorización e de que este, xunto co contido do expediente, fose remitido ao Servizo de Urbanismo da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e logo de que este órgano autonómico, con data do 13/11/2020, requirise a emenda e a achega de documentación adicional.

Logo de que se dera cumprimento ao requirido polo mencionado órgano autonómico, tal e como consta no expediente administrativo, e de que se incorporase a documentación técnica achegada denominada “Plan de sectorización do sector do ámbito de solo urbanizable non delimitado. SUND-4. PARQUE EMPRESARIAL DE VEDRA”, e planos do ámbito en soporte vectorial xeoreferenciado, asinado por don Benito Fernández González (17/03/2021) e por don Gilberto Rodríguez Rodríguez (18/03/2021) en calidade de Enxeñeiros de Camiños, canles e portos.

Considerando canto antecede, logo dos informes técnico e xurídico, e de conformidade co artigo 86.1 d) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



rural de Galicia e o seu regulamento, e co artigo 21.1.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local,

A Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente, nos termos da documentación técnica achegada, o “Plan de sectorización do sector do ámbito de solo urbanizable non delimitado. SUND-4. PARQUE EMPRESARIAL DE VEDRA”, asinado por D. Benito Fernández González (17/03/2021) e por D. Gilberto Rodríguez Rodríguez (18/03/2021) en calidade de Enxeñeiros de camiños, canles e portos e os planos do ámbito en soporte vectorial xeoreferenciados, así coma o expediente administrativo tramitado.

SEGUNDO.- Remitir o expediente completo á Consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio a fin de que, de acordo co artigo 86.1.d) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, se emita o correspondente informe previo á aprobación definitiva.

5º.- Aprobación inicial, se procede, dos padróns fiscais das taxas do exercicio 2021.

5.1. Padrón fiscal da *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública* (Ordenanza fiscal núm. 12, BOP núm. 5 do 08/01/2004, modificada por acordo plenario de data 24/10/2012, BOP núm. 245 do 26/12/2012).

Dáse conta do expediente 2021/X999/000008, instruído para a formación e tramitación do padrón fiscal da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública do ano 2021, en virtude do ordenado pola providencia da Alcaldía de data 26 de xaneiro do ano que andamos.

Dáse conta das alteracións rexistradas respecto do padrón aprobado no exercicio 2020, así como das novas liquidacións efectuadas para a elaboración do padrón do presente exercicio 2021, con base no seguinte:

1. O acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 23/02/2021, relativo ao recoñecemento -por delegación do Pleno- do dereito de redución da cota tributaria a 13 contribuíntes acollidos ao disposto no artigo 8.1 da Ordenanza (punto 7º da orde do día -expdte. electrónico 2021/X999/000042).
2. Os 37 expedientes de xestión tributaria tramitados ao longo do período por cambio de titularidade (resolucións da Alcaldía núm. 472, 473, 475, 552, 553, 554, 595, 598, 600, 609, 614, 621, 626, 638, 646, 649, 651, 665, 666, 667, 668, 698, 699, 714, 715, 738 e 739 ditadas no ano 2020 e núm. 1, 16, 17, 18, 33, 34, 35, 36, 82 e 164 ditadas no 2021).
3. Os 3 expedientes de xestión tributaria tramitados, a instancia de parte interesada, ao longo do período por cambio de epígrafe (resolucións da Alcaldía núm. 551, 614 e 638 do ano 2020).
4. Un expediente de baixa de inmovible-vivenda por estado de abandono que o fai non habitable, instruído a instancia de parte interesada (resolución da Alcaldía núm. 127/2021, de 3 de marzo).
5. As actuacións de investigación e comprobación levadas a cabo polos servizos tributarios municipais para determinar de oficio 13 altas novas a 1 de xaneiro de 2021, data para a devindicación da taxa e de referencia para a formación do padrón (resolución da Alcaldía núm. 162 ditada o día 23/03/2021).

Visto o expediente, as actuacións tributarias realizadas e a proposta de resolución de Secretaría subscrita con data 26/03/2021, a Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

1º.- Aprobar inicialmente o padrón fiscal da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública correspondente ao exercicio 2021, formado con base no exposto.

2º.- Remitir ao Boletín Oficial da Provincia e colocar no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello, o edicto anunciando a súa exposición ao público durante o prazo dun mes, para os efectos de notificación colectiva e presentación de reclamacións.



5.2. Padrón fiscal da *taxa por rede de sumidoiros* (Ordenanza fiscal núm. 13, BOP núm. 160 do 14/07/2004, na súa redacción actual aprobada por acordo plenario de data 29/10/2020, BOP núm. 222 do 28/12/2020).

Dáse conta do expediente 2021/X999/000009, instruído para a formación e tramitación do padrón fiscal da taxa por rede de sumidoiros do ano 2021, en virtude do ordenado pola providencia da Alcaldía de data 14 de xaneiro do ano que andamos.

Dáse conta das alteracións rexistradas respecto do padrón aprobado no exercicio 2020, así como das novas liquidacións efectuadas para a elaboración do padrón do presente exercicio 2021, con base no seguinte:

1. Os 8 expedientes de xestión tributaria tramitados ao longo do período por cambio de titularidade (resolucións da Alcaldía núm. 553, 609, 698, 699, 714 e 715 ditadas en 2020 e núm. 33 e 164 ditadas no 2021).
2. Un expediente de xestión tributaria tramitado a instancia de parte interesada por cambio de epígrafe (resolución da Alcaldía núm. 614, de data 02/11/2020).
3. Un expediente instruído de oficio, de baixa de edificación de vivenda por non dispor do servizo da rede de sumidoiros de xeito efectivo debido a imposibilidades técnicas da rede (resolución da Alcaldía núm. 97/2021, de 24 de febreiro).
4. As actuacións de investigación e comprobación levadas a cabo polos servizos tributarios municipais para determinar de oficio 26 novas altas a 1 de xaneiro de 2021, data de devindicación da taxa e de referencia para a formación do padrón (resolución da Alcaldía núm. 165/2021, de data 23 de marzo).

Visto o expediente, as actuacións tributarias realizadas e a proposta de resolución de Secretaría de data 26/03/2021, a Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

1º.- Aprobar inicialmente o padrón fiscal da taxa por rede de sumidoiros correspondente ao exercicio 2021, formado con base no exposto.

2º.- Remitir ao Boletín Oficial da Provincia e colocar no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, o edicto anunciando a súa exposición ao público durante o prazo dun mes, para os efectos de notificación colectiva e presentación de reclamacións.

6º.- Acordo, se procede, de solicitude de subvención para a promoción da igualdade.

Dáse conta da Resolución da Consellería de Emprego e Igualdade, do 2 de marzo de 2021, da Secretaría Xeral de Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (DOG núm. 49/21, do 12 de marzo)

Ao abeiro da mesma, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: Solicitar unha subvención para os seguintes programas:

- 1.1.- Programa de fomento da conciliación da vida persoal, laboral e familiar: Programa Municipal de conciliación Conxuga.
- 1.2.- Programa de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e tratamento da violencia de xénero : Programa Mulleres +
- 1.3.- Programa de sensibilización, información e difusión sobre igualdade e prevención da violencia contra as mulleres: Campañas específicas dirixidas a nenas, nenos, adolescentes e mocidade, para que interioricen a igualdade como un valor esencial para a convivencia entre



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



mulleres e homes utilizando preferentemente as tecnoloxías da información e da comunicación (art. 9.c)

SEGUNDO: Comprometerse ao financiamento do custo da actuación ou medida obxecto da axuda naquela parte que exceda o importe da subvención para a súa completa realización.

7º.- Outros asuntos.

Non se presentan.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e quince minutos.